



Rorafia de Castro

BIRAVXS

Rosalía de Castro (1837-1885)

Rosalía de Castro, muller valente, poeta e galega, que se atreveu a escribir en lingua galega, unha lingua desprestixiada e marxinada, como desprestixiadas e marxinadas vivían as mulleres que ela tan ben soubo entender e retratar: as «viúdas dos vivos» ou a muller deshonrada que decide tomar «a xusticia pola man». Isto valeulle o apelativo «d'a tola» e que Curros Enríquez lle cantase «ai dos que levan na fronte unha estrela, ai dos que levan no bico un cantar». Porque o que fixo Rosalía foi darlle voz na súa obra ao pobo galego, e foi quen de empatizar cos que sofren, en especial coas mulleres. Ela mesma coñeceu moi de preto o sufrimento, pero nin a súa enfermidade nin as circunstancias adversas que viviu conseguiron nunca silenciar a súa voz nin impedir que dedicase a súa vida e a súa obra á reivindicación das máis débiles e maltratadas pola sociedade: a lingua galega e as mulleres que a falaban.

Ilustración: Marta Riera / marta@martariera.com

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo